



Deborah Hamburger

Nada na India, Deborah estudou na *Universität für Musik und Darstellende Kunst* de Viena.

Colaborou con orquestras de Austria, Alemaña, Suíza, Dinamarca, Inglaterra, Xapón, India e España.

Co-fundadora do ensemble Orphelion, co que realizou numerosas xiras e gravacións.

Actualmente é violinista na Orquesta Sinfónica de Galicia e mestra da Orquesta Joven de la Orquesta Sinfónica de Galicia e da JONDE.

DEBORAH HAMBURGER

MESTRA DE VIOLÍN

Historial Académico

Deborah Hamburger naceu na India, onde comezou os seus estudos musicais con Josic Manzies e Melbourne Halloween. Foi premiada en varios concursos en Mumbai e a nivel nacional. Deborah Hamburger estudou na *Universität für Musik und Darstellende Kunst* de Viena con Eduard Melkus e Klaus Maetzel e recibiu o título de *Masters in Performance*.

Foi galardonada coa beca do Ministerio de Educación de Austria. Tamén estudou con Milan Vitek en Copenhagen, e música de cámara con Geoge Ebert, Rudolf Leopold (*Wiener Streichsextett*) e Gerhard Schulz (*Cuarteto Alban Berg*).

Foi membro da *European Union Youth Orchestra* coa que participou nunha xira baixo a batuta de Zubin Mehta.

Experiencia

Colaborou con orquestras de Austria e Dinamarca. Actuou como solista, e con varias agrupacións de música de cámara en Austria, Alemaña, Suíza, Dinamarca, Inglaterra, Xapón, India e España.

É co-fundadora de ORPHELION (previamente coñecido como *Artemis Ensemble*) que actúa en diferentes formacións, como trío de piano e cuarteto de cordas, cubrindo un extenso repertorio de obras e estilos. Con Orphelion, Deborah Hamburger participou en numerosas estreas de obras escritas para o propio ensemble, gravacións e retransmisións por radio.

Dende 1994, é membro da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, ademais de estar moi implicada na ensinanza. Como pedagoga colaborou con varios festivais en España e na India. Os seus alumnos foron premiados en concursos nacionais e internacionais e moitos deles agora forman parte de orquestras nacionais e europeas, ou son membros de ensembles de cámara como o *Quarteto Quiroga* e *Quarteto Vera*.

Ademais de manter as súas clases de violín, exerce con regularidade como mestra da *Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia* e da *Joven Orquesta Nacional de España (JONDE)*.